

Alén das fronteiras e dende a diversidade

Unha experiencia persoal

CRISTINA PATO

A música ten a capacidade de expresar emocións e sensacións tan profundas que resultan imposibles de expresar con palabras. O poder de comunicación da música foi estudado de xeito interdisciplinario en todas as partes do mundo. Dende a perspectiva máis científica, a través do traballo dos neurocientíficos, como Oliver Sacks (*Musicophilia: Tales of Music and the Brain*), Daniel Levitin (*This is Your Brain in Music*) e Gottfried Schlaug (director do Music and Neuroimaging Laboratory da Escola de Medicina de Harvard) até a semihumanística e pedagóxica do investigador da aprendizaxe da Universidade de Harvard Howard Gardner (*Creating Minds: An Anatomy of Creativity as seen through the lives of Freud, Einstein, Picasso, Stravinsky, Eliot, Graham, and Ghandi*).

A miña achega ao Congreso Internacional da AGACOM sobre o poder de comunicación da música ten como base a miña experiencia como músico profesional nos últimos vinte anos de carreira, a miña experiencia como docente interdisciplinaria (na University of California Santa Barbara, na Harvard University, no The College of the Holy Cross) e a miña particular paixón por tentar contar historias universais a través de experiencias persoais.

O presidente da Real Academia Galega, o escritor e profesor Víctor F. Freixanes, mencionaba na súa achega ao congreso que “ser distinto é existir”, e falaba da “lingua como marca de identidade social”. Silvino Lopes, presidente da asociación de investigadores de Cabo Verde, falaba da lingua “como instrumento para a concepción da identidade” e a xornalista María Yáñez lembrou a idea de que “o futuro é a comunicación oral” en

relación ao uso da linguaxe oral/audiovisual fronte á da linguaxe textual; Yáñez tamén achegou a idea de que os primeiros blogs en galego foron iniciados por galegos na diáspora (*fillos.org*)¹.

A miña experiencia como músico profesional nos EUA está directamente ligada á nosa lingua, en concreto á obra en galego de Rosalía de Castro. Cando o presidente da AGACOM (e profesor da USC) Francisco Campos Freire me pediu unha “reflexión sobre as estratexias de proxección exterior da cultura galega” e Freixanes suxeriu que compartise a miña “perspectiva de apertura” a través da miña experiencia, decidín cuestionar que foi realmente o que me abriu as portas do mercado cultural dos EUA: unha casualidade lingüística que nada tiña que ver coa miña faceta gaiteiril...

“Lúa descolorida”

No ano 2006 estaba a cursar o segundo cuatrimestre do meu doutoramento en artes musicais (Doctor of Musical Arts, Rutgers University). Nos EUA, a música, e as artes en xeral, forman parte do sistema universitario e están regradas coma tal. A miña especialidade, e a razón principal pola que me mudei a Nova York, era poder centrarme de cheo no repertorio lírico, operístico e camerístico co que tanto gozara como pianista durante a miña carreira académica en Galicia e Barcelona. Aínda que a titulación no noso país contemplaba unha especialidade de música de cámara, esta non implicaba a formación increíblemente especializada do sistema ianqui. A miña especialidade, *Collaborative Piano* (ten mala tradución: algo así como ‘piano/pianista en colaboración’), incluía formación en dicción nas linguas

Cristina Pato é artista e educadora interdisciplinaria. Asesora de educación do Silkroad Project de Yo-Yo Ma. 2017 Blodgett Distinguished Artist-in-Residence na Universidade de Harvard.

do repertorio lírico tradicional (alemán, italiano, francés) e non tan tradicional (ruso, linguas eslavas e escandinavas); un extenso estudo da obra vocal con piano (a canción de concerto), de óperas completas e de repertorio instrumental específico con piano (sonatas, tríos, cuartetos...). Ser pianista en colaboración significaba estar en conversa constante cos teus compañeiros de equipo, crear e recrear obras musicais en conxunto, e vivir nunha aprendizaxe constante, pois é un repertorio dos máis extensos.

No meu segundo cuadrimestre, a directora do departamento de canto pedíume que fose a pianista para unha clase maxistral do compositor ruso-arxentino Osvaldo Golijov. Unha das obras era para soprano e piano e, segundo ela, eu era a colaboradora perfecta, pois a lingua da obra era *parecida ao español*. O noso labor como pianistas inclúe traballar cos cantantes a dicción na liña melódica, e o feito de que esta obra en concreto fose *nunha lingua similar á miña* fixo que ela pensase en min para poder colaborar na correcta dicción da cantante. Cando recibín a partitura para poder estudala, vin que o título da obra era “Lúa descolorida”². Unha mestura entre morriña e emoción inundou a miña reacción: nunca traballara con tanta paixón unha obra; fixen a transcripción fonética, mandeille unha gravación do poema recitado e outra co poema no ritmo da canción. Era un momento máxico: agora que decidira deixar atrás a miña vida como gaiteira en Galicia para perseguir o soño de ser unha pianista na sombra nos EUA, aparece Rosalía de Castro para lembrarme o poder e a beleza do factor diferencial.

Golijov chegou á obra de Rosalía de Castro a través da súa paixón por Federico García Lorca, namorouse do son e do simbolismo da lingua galega, e no ano 1999 escribiu a obra para a soprano Dawn Upshaw e o pianista Gilbert Kalish. A obra conta con varias versións e orques-

tracións, e é en certo modo o clímax dunha das súas obras máis populares: *A Paixón segundo san Marcos*; macrocomposición que enlaza raíces latinoamericanas coa linguaxe clásica a través do propio exercicio do compositor para entender a relación entre a súa relixión (o xudaísmo) e o cristianismo. Na primeira década do século XXI Osvaldo Golijov era o compositor de moda no mundo da música clásica-contemporánea: encargas para a Metropolitan Opera de Nova York, para o Lincoln Center, Chicago Symphony e bandas sonoras para Francis Ford Coppola... Chegou á Rutgers University para dar unha conferencia/clase maxistral (pública) sobre a súa música; quedamos todos os músicos para ensaiar e recibir o seu consello antes do acti, e a miña curiosidade por saber canto máis coñecía da nosa cultura levounos a unha longa conversa sobre lingua, identidade, e, como non, a gaita. A conversa derivou nunha invitación para dar unha conferencia na Universidade onde el traballaba (The College of the Holy Cross) e nunha inmersión profunda nas posibilidades do son da gaita galega.

É todo comezou así, cun poema en galego e un compositor curioso que nada tiña que ver coa nosa cultura... Cando o coñecín, Golijov xa levaba algúns anos poñendo a obra de Rosalía de Castro no epicentro da música contemporánea.

Silkroad Project e Yo-Yo Ma

En setembro de 2006 Golijov arranxou *From Air to Air*, unha obra de cámara que incluía dous movementos con gaita galega (en sol). A historia de como se escribiu e se estreou a obra no Carnegie Hall chegou á portada da sección de cultura do *The New York Times*³ e levoume a atopar a organización que me mudou a vida: o Silkroad Project, organización fundada no ano 1998 polo violonchelista Yo-Yo Ma (de orixe chinesa, nado

en Francia e criado nos EUA) coa idea de utilizar a Ruta da Seda como metáfora de conexión e intercambio cultural a través da música: atopar as conexións musicais do leste e do oeste abrazando as diferenzas, revalorizar o poder da música na sociedade, crear as ferramentas para facelo posible e poñer a música no centro da conversa global.

Na busca da súa propia identidade e “tentando entender o medo e a inseguridade que emanan da globalización, Yo-Yo Ma explorou a histórica Ruta da Seda recoñecendo nela un modelo de colaboración cultural produtiva, de intercambio de ideas, artes e tradicións ao lado do comercio e a innovación social”⁴. Nacía así unha organización que responde e reacciona aos retos da sociedade cunha linguaxe creada que bebe das experiencias e tradicións dos membros do colectivo. Todos os membros da organización somos artistas independentes que nos sumamos ao Silkroad para traballar en colaboración, creando “unha linguaxe musical centrada na diferenza [...] que poida servir como metáfora [...] dun mundo máis conectado [...] fomentando a empatía e a confianza no mundo”⁵.

Comecei a traballar con Silkroad en 2006 da man da obra de Golijov; no ano 2011 pasei a formar parte do seu consello de liderado e, dende 2014, son a súa conselleira de educación. Como gaiteira e pianista do *ensemble* traballei na encargada e estrea dunha decena de obras de compositores de múltiples linguaxes musicais, dende o jazz de Vijay Iyer (*Playlist for an Extreme Occasion*) até o multiculturalismo de David Bruce (*Cut the Rug*) ou o rock de Glenn Kotche (*Mille Etoiles*); e colaborei con orquestras como a Chicago Symphony, Hartford Symphony, Baltimore Symphony e The New York Philharmonic. Tamén traballamos composicións e arranxos dos propios membros do colectivo, incluíndo recreacións das tradicións de cada un de nos: dende Siria, Israel, Rusia, Líbano, China, Corea, Xapón, Rusia, os EUA e Galicia... así como obras escritas a raíz das “residencias” ou estadias temáticas que deseñamos para contornos académicos.

Yo-Yo Ma utiliza outra metáfora para definir o que facemos na organización: o termo da ecoloxía “efecto de beira ou beirada”, que é o punto en que se encontran dous ecosistemas. Nesa zona de transición, *nesa intersección atópase unha maior biodiversidade*⁶. Basicamente traballamos na intersección das comunidades, na intersección das disciplinas e nas interseccións da sociedade. A nosa “casa” é a Universidade de Harvard, onde temos as nosas oficinas e onde desenvolvemos proxectos de colaboración coa Graduate School of Education e a Harvard Business School, cre-

ando cursos sobre a aprendizaxe a través das paixóns (The Arts and Passion-Driven Learning Institute) e o reto para emprendedores culturais (Dean’s Cultural Entrepreneurship Challenge) que fomenta a colaboración entre os estudantes de negocios e de humanidades da propia universidade.

Con Yo-Yo Ma facemos xiras anuais polos EUA (dende o Carnegie de Nova York até of Hollywood Bowl de Los Angeles), xiras bianuais por China e Corea do Sur e os Emiratos Árabes. Por riba, os membros do colectivo desenvolvemos proxectos máis compactos nas nosas respectivas comunidades, xiras pola India da man de Sandeep Das, pola China con Wu Tong ou o meu festival Galician Connection (2012-2014)⁷. Ademais de Harvard, colaboramos con Stanford, Berkeley, Princeton e Rice; con museos como o Art Institute de Chicago, o Museo de Historia Natural de Nova York e o Aga Khan Museum de Toronto, e na integración das artes en escolas públicas de Montana, Iowa, Massachusetts e Nova York. É un traballo en rede, constante e sen pausa; baseado na alianza e na interconexión entre as múltiples realidades e verdades dun mesmo contorno social, académico, económico e cultural.

Redes de constancia e diversidade

*A colaboración, a flexibilidade, a innovación e a creatividade son calidades que practicamos os músicos en grupo de xeito constante. Son tamén calidades necesarias para a supervivencia laboral no século XXI*⁸. Seguindo esa mesma liña, a miña propia experiencia no eido da música nos EUA e a nivel internacional baséase na sinxela estratexia de facer o máximo número de actividades e alianzas posibles cos medios que teño ao meu redor. Ninguén precisa dunha gaiteira ao outro lado do océano, pero as calidades que se poden transferir dende a metáfora do propio instrumento (orixe pastoril, catalizador da supervivencia da identidade cultural) e a súa práctica (centrada na comunidade e mantida por ela) son valores universais que me foron servindo para crear contornos temáticos abertos ao estudo interdisciplinaria de conceptos como a migración, a identidade cultural ou a perda da memoria (a nivel cognitivo e a nivel cultural).

Quizais a parte que máis transcende da miña actividade, polo contexto público, sexa a de intérprete de gaita ou de piano, cando realmente a parte da miña experiencia que máis retorno produce é a derivada das calidades invisibles que aprendín da miña práctica. Utilizo a miña experiencia para sacar adiante conversas en contornos educativos que serían difíciles de abordar se non



Cristina Pato no seu obradoiro do congreso da AGACOM

houbese música polo medio. O contexto socioeconómico dos instrumentos clásicos e populares e o seu lugar na historia axúdanme a falar da desigualdade no mundo actual. A miña experiencia como conselleira de educación no Silkroad axúdame a entender que os problemas de comunicación entre departamentos dunha mesma institución académica son similares en todas as partes do mundo en que traballamos, e desa experiencia no colectivo xórdense alianzas e ideas para levar a cabo a transformación con pequenos proxectos centrados na beleza da diversidade e da diferenza.

A historia da nosa lingua e do noso instrumento ben pode ser unha historia universal, reúne todos os requisitos: a idea de que foi o pobo o que mantiña e mantén vivas as dúas linguaxes é unha idea tan poderosa como transferible. A través da historia da gaita como instrumento universal (todas as gaitas do mundo), e da nosa en particular, puiden chegar a traballar en contextos impensables, pois esa “diferenza” fai que os meus interlocutores teñan a curiosidade de explorar un camiño que nin sequera imaxinaban antes.

Unha experiencia coa memoria

Para sobrevivir, vivo nun estado de escoita constante, escoita interior e exterior. Inspirada no Silkroad, tento reaccionar ao meu contorno tanto nos EUA como en Galicia. Un dos proxectos de colaboración que levo liderando nos últimos anos está relacionado coa nosa realidade como poboación avellentada, coa perda da memoria a nivel cognitivo (a través dunha historia persoal)

1. Notas persoais sobre o panel: “Lingua, comunicación e redes da diversidade”. 20-XI-2017.
2. <http://www.osvaldogolijov.com/wd9.htm>.
3. Oestreich, James R. (16-IX-2006). “Revealing the Soul in Soldierly Bagpipes”. *The New York Times*
<http://www.nytimes.com/2006/09/16/arts/music/16pato.html>.
4. EPK Silkroad: Web e PDF, tradución de Cristina Pato.
<https://www.silkroad.org/about-us>
http://d1ousuiwy40guk.cloudfront.net/attacheds/1658/original/Silkroad_Overview_web.pdf?1507914421
5. Misión e EPK de Silkroad: Web e PDF, tradución de Cristina Pato.
<https://www.silkroad.org/about-us>
http://d1ousuiwy40guk.cloudfront.net/attacheds/1658/original/Silkroad_Overview_web.pdf?1507914421
6. Nancy Hanks Lecture on Arts and Public Policy. *Americans for the Arts* 2013. Conferencia/concerto con Yo-Yo Ma sobre arte e sociedade.
<https://www.youtube.com/watch?v=TWsdrjUhol4>
7. Información sobre as tres edicións: <http://cristinapato.com/galician-connection/>
8. Nancy Hanks Lecture on Arts and Public Policy. *Americans for the Arts* 2013. Conferencia/concerto con Yo-Yo Ma sobre arte e sociedade.
<https://www.youtube.com/watch?v=TWsdrjUhol4>

O talento é unha responsabilidade, e na miña lista de responsabilidades está tentar colocar a gaita, como instrumento, en lugares até agora restrinxidos a instrumentos “convencionais”. Tento separarme do instrumento o máximo posible para poder coller perspectiva cando a gaita é programada na tempada da New York Philharmonic ou cando o meu proxecto “The Gaita and Orchestra Commissioning Project” recibiu o financiamento dunha institución americana para a música contemporánea

e coa perda da memoria a nivel cultural (a través do estudo da sociedade norteamericana e europea actuais).

Comecei a traballar co neurocientífico da Universidade de California, Santa Barbara, o doutor Kenneth Kosik, hai tres anos, coa idea de crear unha clase centrada en mesturar a visión humanística da ciencia coa visión científica das humanidades. Creamos un equipo de catorce profesores e xeradores do cambio que estudasen a memoria dende diferentes disciplinas: xeografía, antropoloxía, arte, tecnoloxía, socioloxía, literatura, liderado e activismo. E da colaboración xurdiu unha clase chamada *Memory: An Interdisciplinary Exploration* cocreada por Mary Hancock (antropoloxía, UCSB), Kim Yasuda (arte pública, UCSB), Ken Kosik (neurociencia, UCSB) e mais eu⁹. A clase naceu dunha das obras que lle escribín á miña nai Maruxa cando comezou a perder a memoria a raíz dunha demencia frontotemporal: *My Lethe Story: O río do esquecemento*.

A obra combina narración con música de cámara e está baseada na conexión entre a historia da entrada dos romanos en Galicia polo río Limia (o río do esquecemento), a mitoloxía (o río Lete do inferno de Hades) e os patróns de repetición constante que forman parte da realidade dunha persoa con demencia (neste caso a miña nai). Escribín a obra dentro dunha estadía temática sobre Ríos (como metáfora) na Universidade de Harvard, e estreouse alí en 2013¹⁰. A estadía incluía unha colaboración co neurólogo galego da mesma universidade, o doutor Miguel Alonso-Alonso. Unha vez máis, a lingua-xe musical para contar historias universais abriu unha porta de ida ao mundo da conexión entre comunidades e departamentos: a raíz desa obra comecei a traballar como artista en residencia no College of the Holy Cross baixo o lema “Time, Memory and Identity”, e en 2015 contratáronme na UCSB (University of California, Santa Barba-

ra) para crear a clase con Ken Kosik.

Como no Silkroad, eu tamén traballo en rede e de xeito constante buscando alianzas. A docencia é a chamada máis forte que tiveron nos últimos anos, por paixón e por vocación. Pero a intérprete de gaita é a que lle abre as portas á docente, e por iso continuo a miña carreira como solista, aínda que con tempadas limitadas, porque a atención absoluta dun público que paga por vir escoitar un concerto é un privilexio polo que teño que estar agradecida e ao que debo a miña carreira no ámbito académico. O talento é unha responsabilidade, e na miña lista de responsabilidades está tentar colocar a gaita, como instrumento, en lugares até agora restrinxidos a instrumentos “convencionais”. Tento separarme do instrumento o máximo posible para poder coller perspectiva cando a gaita é programada na tempada da New York Philharmonic ou cando o meu proxecto “The Gaita and Orchestra Commissioning Project” recibiu o financiamento dunha institución americana para a música contemporánea (New Music USA) coa que puiden encargar varios concertos para gaita e orquestra a compositores coma o galego Octavio Vázquez, concertos que xa foron estreados por orquestras aos dous lados do océano (Sphinx Orchestra en 2015, Real Filharmonía de Galicia en 2017).

Conclusión: “Ser distinto é existir”

Cos meus estudantes falo moitas veces do meu “plan alfabeto” (plan A, plan B, plan C, e así até o Z), que o relaciono co instinto de supervivencia da miña familia. Os meus pais, como tantos outros da súa xeración, tiveron un acceso limitado (se non nulo) á educación. Por iso desenvolveron non só un respecto case relixioso polo estudo senón tamén unha capacidade inmensa de innovación, transformación e renovación constante. O meu pai foi acordeonista, fotógrafo, vendedor ambulante de xoias, enmarcador... ía



Cristina Pato no obradoiro da Sejong Dream-Tree Harmony Orquestra, Seul, 2012
Fotografía: Taeuck Kang

adaptándose ás necesidades da sociedade e reaccionando a elas. A miña nai entendeu que o único xeito de que as súas catro fillas fósamos libres era a través da educación e da formación: canta máis, mellor. O seu instinto de supervivencia e superación é relevante e universal, para os galegos da súa xeración e realidade social, e para os da miña.

A posición de “artista en residencia” en ámbitos académicos (nos EUA) está directamente relacionada coa capacidade de renovación, innovación e adaptación dos artistas. Dende esa posición estratéxica, na intersección dos departamentos, unha pode desenvolver proxectos, clases e obras que responden á realidade da sociedade ou do contorno académico. A través desas residencias/estadías, que ben poderíamos adoptar no noso sistema, tentei explorar cuestións que resoasen coa multiculturalidade e diversidade da sociedade ianqui, e a través desa exploración redescubrín o poder dos nosos valores universais.

Citando a Freixanes, “ser distinto é existir”; o feito de que a miña condición de gaitreira non fose relevante no outro lado do océano fixo crecer o meu interese de que si o fose. Yo-Yo Ma di que a paixón é o que fai que un pase de “ter” que facer algo a “querer” facelo. O feito de que cando

decidira deixar a gaita en Galicia para centrarme no piano, a nosa lingua aparecera para lembrarme a forza do noso, fixo que cuestionase a miña propia responsabilidade por chegar a ser tan afortunada. A través dunha infinidade de proxectos, dunha rede de diversidade constante e do traballo en colaboración, deime conta de que a constancia e as alianzas son as únicas aliadas á hora de mostrar a beleza e a importancia da diferenza; pois, de xeito xenuíno, todos somos diferentes e todos temos unha historia que contar, e se somos capaces de compartir e unir os milleiros de historias de galegos e galegas a través do seu traballo e da súa existencia quizais poderíamos proxectar os nosos valores culturais dun xeito máis contundente... Os pasos aparentemente miúdos son os que máis lonxe nos levan... ■

9. Información detallada sobre a clase:

<http://www.cristinapato.com/memory/>

10. Vídeo da primeira lectura

https://www.youtube.com/watch?v=lHMd_F2Tb2Q